

C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA MATERIA

Materia	RELIXIÓN CATÓLICA		Páx.	1
Curso/Ciclo	6º Curso de Educación Primaria			
Profesor/a	Hermitas Villanueva Martínez			
CONTIDOS				
1.ª AVALIACIÓN	2.ª AVALIACIÓN		3.ª AVALIACIÓN	
Temas 1-3 Taller das relixións O fenómeno relixioso como resposta ás grandes preguntas do ser humano. A plenitude do ser humano está na relación coa divindade. O sentido da vida As grandes preguntas existenciais do ser humano: o sentido da vida. A plenitude do ser humano está na relación con Deus. Ao encontro con Deus A Biblia, fonte para coñecer a Deus Pai. A relación con Deus na procura dun mundo mellor.	Temas 4-6 A sabedoría de Deus O pobo de Israel como depositario da sabedoría de Deus Os libros sapienciais enriquecen á humanidade. Xesús, Deus e home Xesús, Fillo de Deus e camiño para a salvación. Xesús, verdadeiro home e verdadeira imaxe do Deus invisible Xesús tráenos paz e alegría Os froitos da resurrección de Xesús: a alegría e a paz. O día escolar da paz e a non violencia.		Temas 7-8 Somos a Igrexa A Igrexa, novo pobo de Deus. O Espírito Santo, impulso e forza da Igrexa. Ao servizo de todos Os sacramentos ao servizo da misión da Igrexa: Confirmación, Orde e Matrimonio O servizo aos demais como expresión do amor ao próximo.	
OBXECTIVOS				
- Descubrir a orixe e o sentido do fenómeno relixioso.. - Descubrir que, para os cristiáns, a felicidade reside no camiño da salvación que Xesús ofrécenos - Descubrir que a nosa relación con Deus fai que podamos alcanzar a plenitude humana. - Recoñecer que os libros sapienciais enriquecen a humanidade e melloran as persoas. - Tomar conciencia de que Xesús é o Fillo único de Deus, e o noso Salvador. - Tomar conciencia de que a alegría e a paz, son froitos da resurrección. - Descubrir que a Igrexa é continuadora da misión de Xesús. - Coñecer os sacramentos o servizo da misión da igrexa.				
METODOLOXÍA				
-Será activa, creativa, participativa, mesturando as actividades individuais coas grupais, e a aprendizaxe real dos contidos coa súa aplicación na práctica da vida diaria. -Promovendo o protagonismo do alumno no seu progreso de aprendizaxe mediante lecturas en voz alta, presentación pública dos seus traballos,e das solucións das actividades, a exposición dos contidos das unidades, etc. No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas: • Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais. • Traballo en grupo cooperativo: facer grupos de 3 ou 4 alumnos e alumnas, e utilizar as estruturas da aprendizaxe cooperativa suxeridas na guía do profesorado para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara. • Posta en común en gran grupo, despois do traballo individual ou grupal. • Círculos de aprendizaxe. • Exposición do profesorado.				
CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN				
1. Diferenciar relixións politeístas e monoteístas 2. Recoñecer e aceptar a necesidade dun salvador para ser feliz. 3. Identificar a Biblia como a mellor fonte para coñecer a Deus. 4. Recoñecer que os libros sapienciais dan resposta aos problemas da existencia humana. 5. Distinguir que a través de Xesús atopamos a Deus. 6. Recoñecer e valorar o cambio de vida xerado polo encontro co Resucitado 7. Comprender que a misión de Xesús continúa na Igrexa. 8. Diferenciar a achega dos sacramentos de servizo á misión da Igrexa		1.1 Comprende o papel das relixións dentro da procura de respostas ao sentido da vida e a existencia. 2.1 Coñece os ensinos de Xesús sobre a felicidade. 3.1 Considera a Deus como creador e Pai e relaciónase con El a través da oración. 4.1 Identifica e valora expresións recollidas nos libros sapienciais que enriquecen e melloran á persoa. 5.1 Identifica e sintetiza os trazos que Xesús desvela do Pai nos discursos do evanxeo de Xoán 6.1 Selecciona testemuños de cristiáns e xustifica o cambio xerado polo encontro co Resucitado. 7.1 Comprende o servizo eclesial que os apóstolos prestan ao pobo de Deus 8.1 Comprende os ensinos de Xesús sobre o servizo aos demais.		